

Manuel Curros Enríquez é unha das tres grandes figuras do Rexurdimento, xunto con Rosalía e Pondal, sendo os tres os responsables, xunto con outros de menor relevancia, da recuperación do cultivo literario da lingua galega. Se temos que escoller un elemento caracterizador de Curros, sería o **compromiso político e social** desde a ideoloxía **progresista republicana federal**.

Naceu en Celanova (Ourense) en 1851 e morreu na Habana en 1908. As relacións familiares co pai eran tensas, polo que aos quince anos marchou a Madrid a facer o bacharelato e comezou a carreira de dereito, que non chegou a rematar. Participou na revolución de 1868 para expulsar do trono a Isabel II e tivo que expatriarse por iso no 1870, sendo amnistiado seis meses despois. Traballou temporalmente en Ourense e en Madrid como xornalista e esporadicamente como funcionario. A partir da publicación de *El regionalismo* de Alfredo Brañas, Curros milita no movemento rexionalista galego. En 1894 emigra a Habana onde fundou un periódico e traballou a prol da cultura galega e viviu os momentos máis difíciles da loita independentista cubana. Despois de dez anos volve a Galicia por uns meses, xa con moi mala saúde, sendo homenaxeado nos Centros Galegos de Madrid e da Coruña, sendo tratado como un heroe do progresismo. Regresa a Cuba onde morrerá poucos anos despois.

Curros foi un **poeta social**, que combateu e denunciou as inxustizas do seu tempo: defendeu a democracia, a república, a liberdade, o anticlericalismo e o progreso. É o primeiro poeta galego que inicia a liña de **literatura de protesta social**, e será un referente para os/as autores/as que sigan esta liña noutras épocas posteriores da literatura galega.

A obra literaria en galego de Curros Enríquez está formada por dous libros: ***Aires da miña terra*** (1880) e ***O divino sainete*** (1888). O seu primeiro poema escrito en galego, “**Cántiga**” (1869), musicado por Cesáreo Alonso, tivo moitísimo éxito e pasou a formar parte da tradición popular co nome de “Unha noite na eira do trigo”. En 1877 escribe tres poemas de carácter costumista para participar nun concurso literario: “**A virxe do cristal**”, “**Unha voda en Einibó**” e “**O Gueiteiro de Penalta**”. Con eles gaña o premio e tiveron grande popularidade. O máis destacable dos tres é o primeiro, poema narrativo que recrea a lenda popular da Virxe do Cristal.

Aires da miña terra (1880) é unha colección de poemas moi diversos, que foi incrementándose en sucesivas edicións. A principal **temática** é a **social**, estes poemas constitúen a parte máis numerosa do libro, de acordo coas liñas ideolóxicas de defensa da xustiza social, da liberdade e do progreso. Pretende contribuír á transformación social poñendo en evidencia as causas do atraso do país (falta de liberdade, incultura, superstición, intransixencia da Igrexa, a miseria...). Existen tamén poemas de carácter **intimista**, dedicados ao nacemento e á morte do seu fillo, á morte da nai e un poema dedicado á morte de Rosalía. Por último, recolle tamén neste libro os tres poemas **costumistas** cos que gañara o premio en Ourense. A obra foi censurada publicamente e denunciada perante a autoridade xudicial polo bispo de Ourense por crer que algún dos poemas atacaban directamente á Igrexa. Este feito contribuíu á súa gran popularidade.

O divino sainete (1888) é un poema narrativo de carácter cómico burlesco que parodia a *Divina Comedia* de Dante. Consta de nove partes, unha “introdución” e oito “cantos”. Narra unha peregrinación que Curros realiza a Roma co motivo do xubileo do papa León XIII, en compañía doutro poeta galego, Francisco Añón, que exerce como guía (como Virxilio na *D.C.*). Os vagóns do tren levan o nome dos sete pecados capitais e nos diversos vagóns sitúa a persoeiros identificables da sociedade ourensá do momento. Unha vez en Roma, Curros recoméndalle ao Papa que renuncie á riqueza terreal.

A **lingua** de Curros corresponde ao galego de Celanova, con trazos dialectais, con presenza de algúns vulgarismos, certas vacilacións nas escollos entre distintas formas posibles e escasos hiperenxebrismos. En canto ao seu **estilo**, caracterízase polos recursos propios da lírica popular: linguaxe figurada e figuras de repetición.